

# BANDO MUNICIPAL QUE REGULA AS ACTIVIDADES ESTIVAS REFERIDAS A BARBACOAS, CHURRASCADAS, SARDIÑADAS E SIMILARES E AS ACTIVIDADES DAS FESTAS DE SAN XOÁN

**Prezadas veciñas, prezados veciños.** As cidades constrúense nos barrios e vívense nas rúas. As cidades son posibles grazas á súa veciñanza, que convive e se relaciona coa súa contorna no medio de espazos públicos. Todos e todas temos o dereito a gozar da nosa cidade, pero tamén temos a obriga colectiva de coidala, de respectala a ela para respectar así o conxunto da cidadanía. A Coruña sabe festexar e sabe coidarse. Coa chegada da época estival e do maior uso da vía pública, como alcalde da Coruña informo mediante este bando das pautas necesarias e imprescindibles que deberán seguirse para levar a cabo sardiñadas, barbacoas e similares, así como para celebrar as Festas de San Xoán, para evitarmos riscos innecesarios e molestias aos e ás veciños. A intención non é outra que a de podermos gozar da Coruña e dos seus espazos comúns e naturais ao tempo que fomentamos a convivencia, o respecto e a tolerancia. Somos unha cidade solidaria e por iso debemos amosar o noso compromiso coa corresponsabilidade, evitando e alertando ante calquera acción que vulnere a liberdade e o goce das persoas, prestando especial atención á loita contra violencias machistas ou calquera manifestación de odio de carácter racista, xenófobo ou LGTBQfóbico. Así, facendo uso da facultade que me concede o artigo 124, letra g, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

## DISPOÑO: SARDIÑADAS, CHURRASCADAS OU SIMILARES

- Autorízase a realización de **sardiñadas, churrascadas ou similares en espazos de titularidade pública**. Para isto será preciso que as persoas interesadas presenten unha COMUNICACIÓN PREVIA por escrito á Área de Seguridade Cidadá, cunha antelación mínima de **10 días**.
- O concello dispón na páxina web dun modelo de comunicación previa co contido indicado no apartado de normas comúns.
- O apartado de Seguridade Cidadá da web do concello contén consellos e recomendacións relativos á seguridade desta actividade.
- As actividades mencionadas deberán realizarse entre as 13 e as 16 horas e entre as 20 e as 24 horas.
- Deberá gardarse unha distancia de seguridade a elementos combustibles ou que poidan resultar danados (mobiliario urbano, vehículos, cristaleiras, contedores de lixo, zonas agrícolas ou forestais, etc.) e a instalacións de risco (liñas eléctricas, tubaxes de gas, etc.).
- A grella, barbacoa ou similar non poderá estar apoiada directamente no pavimento nin na vexetación. Deberá situarse ou ben elevada do chan ou ben empregando unha prancha metálica separada do pavimento cunha capa de area dun mínimo de 10 cm de altura.
- Non está permitido usar combustibles líquidos nin acelerantes nas sardiñadas, barbacoas e similares. Non se poderán queimar materiais plásticos, madeira lacada, escumas e outros materiais tóxicos ou que produzan fumes tóxicos.
- As beirarrúas deberán quedar libres para permitir o tránsito peonil e o lume conservarse en pequenas dimensións, de forma que poida ser controlado en todo momento.
- A saída de fume debe ser libre cara ao exterior, e non poderán estar cubertas de instalacións do tipo carpas, toldos, lonas etc.
- Ao remataren, e antes de abandonaren o lugar, as persoas responsables da organización coidarán de que as cinzas queden totalmente apagadas, para o que empregarán, se for preciso, auga e area.
- Será obrigatoria a limpeza do espazo autorizado, en que se inclúen os elementos utilizados para o seu desenvolvemento, inmediatamente despois de rematar a actividade, e deixárase a zona nas debidas condicións de limpeza. Caso contrario, aplicaranse os artigos procedentes da Ordenanza de xestión de residuos municipais e limpeza viaria relativos aos gastos de limpeza e sancións.
- O concello recomenda minimizar os residuos, empregando, na medida do posible, vaixela e cubertos reutilizables ou, no seu defecto, de papel e cartón. Os residuos serán depositados nos contedores correspondentes de orgánico, inorgánico, papel e vidro.
- Tendo en conta que estas actividades se levan a cabo en datas comprendidas dentro da época de máximo perigo de incendios forestais, sempre se estará ao que dispón a Consellaría de Medio Rural no que se refire ao índice de risco de incendio e ás posibles prohibicións que del se derivaren.

## FESTAS DE SAN XOÁN. Condicións para realizar as fogueiras

- Autorízase a realización de **fogueiras en espazos de titularidade pública**. Para isto será preciso que as persoas interesadas presenten unha COMUNICACIÓN PREVIA por escrito dirixida á Área de Seguridade Cidadá antes do día **23 de xuño ás 15:00h**.
- O concello dispón na páxina web dun modelo de comunicación previa co contido indicado no apartado de normas comúns.
- O apartado de Seguridade Cidadá da web do concello contén consellos e recomendacións relativos á seguridade desta actividade.
- Durante as festas do San Xoán segue vixente o disposto para zonas de exclusión e zonas de especiais coidados nas normas xerais deste bando.
- O horario para baixar o material para as fogueiras das praias da cidade será, atendendo ás táboas de mareas, a partir das 19.30 h do día 23 de xuño. O reparto de madeira a pé de praia producirase ás 19.00 horas.
- Prohíbese o baño nas praias da cidade desde o día 23 de xuño de 2017 ás 22.00 h até as 09.00 h do día 24 de xuño de 2017.
- As fogueiras non poderán ter unha altura superior á que determinen os servizos de emerxencias e de seguridade municipais que as inspeccionen, e que en todo caso estará en función da súa localización, das distancias aos edificios e a outros elementos da contorna.
- Non se poderán realizar fogueiras preto de contedores de toda clase de residuos, vehículos, vivendas, etc. (segundo os criterios do punto anterior e en todo caso cunha separación mínima de 5 metros).
- Un radio de 5 metros con relación á fogueira estará libre de vexetación que poida arder. Non se poderá utilizar o arboredo para suxeitar cadros eléctricos, altafalantes, carteis, etc, nin obxectos punzantes para colgar calquera outro material ou elementos neles.
- Non está permitido usar combustibles líquidos nin acelerantes. Así mesmo, está prohibida a queima de plásticos, cauchos, rodas, colchóns, madeira lacada, goma espuma e outros obxectos que poidan producir gases tóxicos, especialmente na praia, onde tampouco se queimarán mobles, voluminosos e madeiras que leven puntas ou cravos.
- As fogueiras só se poderán acender protexendo o chan cunha capa de area mínima de 10 cm de espesor ou materiais semellantes.
- Queda terminantemente prohibido trasladar contedores de residuos e cambiar a súa localización por perturbar gravemente o funcionamento do servizo de recollida de lixo.
- As fogueiras, sardiñadas e barbacoas que se realicen deberán contar cun medio extintor de lume (extintores, cubo de auga ou area etc.) co fin de facer fronte a calquera tipo de eventualidade.
- As praias deberán estar libres ás 6.00 h do día 24 de xuño para que a concesionaria responsable do servizo de limpeza poida levar a cabo as actuacións necesarias para habilitar a praia para o seu uso común. Na noite do 23 ao 24 está previsto que se produza unha marea viva. Os servizos de emerxencias do concello poden ordenar a evacuación obrigatoria da praia antes desta hora, con base en criterios de seguridade persoal e de protección ambiental.
- Non está permitido baixar con vidro ás praias. Os residuos depositaranse nas zonas de recollida habilitadas para tal fin nos accesos á praia.

## Circulación no paseo marítimo

- O día 23 de xuño de 2017 pecharase a circulación no Paseo Marítimo na zona das praias de Riazor, do Orzán e do Matadoiro desde as 19.00 h. Os servizos de seguridade e emerxencias restabelecerán progresivamente o tráfico segundo evolucionaren as previsións dos ditos servizos.
- Facúltase ao director do Plan de autoprotección para modificar estes horarios se for necesario.

## Servizos de seguridade e emerxencias

- Os servizos de seguridade e emerxencias municipais (o corpo de Policía Local, o Servizo de Extinción de Incendios e Emerxencias e o Servizo de Protección Civil) velarán por que se cumpra o que regula esta disposición e o resto das ordenanzas municipais; deste xeito, no suposto de que as persoas responsables de instalación, de actos, de eventos (incluída a celebración de fogueiras, sardiñadas, barbacoas e semellantes) non as retiren ou non as modifiquen voluntariamente no caso de ser requiridos para iso por razón de seguridade, poidan acceder á súa retirada inmediata e traslado onde se estime necesario, sen prexuízo de iniciar, se for caso, o expediente sancionador que puidese corresponder.

## Transporte público

- Estabelecerase un dispositivo especial de transporte público, consistente en oito liñas especiais que comunicarán os barrios coa Praza de Pontevedra cunha frecuencia de 15 minutos entre as 00.30 h e as 02.30 h, e o Bus Bufo entre as 03.00 h e as 06.30 h cunha frecuencia de 30 minutos. Todas estas frecuencias son aproximadas e poderán variar en función do estado do tráfico.

## Eventos e actos, sardiñadas, barbacoas e similares na noite de San Xoán

- Excepcionalmente esta noite poderán organizarse sardiñadas, barbacoas e similares sen unha comunicación previa á Área de Mobilidade - Actividade de Policía, sempre e cando non ocupen calzadas nin entorpezan a circulación de vehículos e cumpran co resto das normas comúns contidas neste bando.

## NORMAS XERAIS. Comunicación previa da actividade

- A comunicación contará cunha declaración na que a persoa solicitante manifieste que cumpre os requisitos que establece o bando para exercer a actividade, sen prexuízo das facultades de comprobación, de control e de inspección que ten atribuídas o concello.
- Na comunicación previa identificarase como mínimo dúas persoas maiores de idade. Deberá indicarse o nome, o NIF, o enderezo e o teléfono. Dirixirase solidariamente á solicitante e ás persoas que figuren identificadas na comunicación, a actuación administrativa que esixa responsabilidades por infraccións ou por danos causados ao concello ou a terceiras persoas.
- A comunicación non supón ningunha excepción a respecto do cumprimento das normativas sectoriais de ruído, lumes, etc. nin afectarán aos dereitos de terceiras persoas.
- A inexactitude, a falsidade ou a omisión de carácter esencial de calquera dato ou información que se incorpore á comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que procedan.

## Zonas de exclusión e excepcións

- Como norma xeral non se permitirá realizar **churrascadas, sardiñadas e fogueiras** en zonas forestais ou baixo o arboredo de parques e xardíns. As grellas e barbacoas deben manter unha distancia mínima de 10 metros de distancia ao tronco das árbores. As fogueiras deben situarse a un mínimo de 20 metros do arboredo para evitar danos que aconteceron reiteradamente en anos anteriores.
- Nas zonas de exclusión non se poderá prender lume de ningún tipo, mentres que nas zonas de especiais coidados o concello pode establecer limitacións.
- Son zonas de exclusión, onde non está permitido facer lume, a totalidade do trazado do oleoduto, o Parque de Bens e o Monte de San Pedro, os Xardíns de Méndez Núñez, os Xardíns de San Carlos, a Praza das Bárbaras e a contorna da Torre de Hércules, sen prexuízo de que os servizos de seguridade poidan designar algunha outra zona con base en criterios de protección das persoas e os bens públicos.
- A continuación establécense zonas de especiais coidados nas que o concello pode establecer limitacións ou localizacións alternativas de obrigado cumprimento. O concello poderá definir en todo momento outras zonas de especiais coidados.

## ZONA DE ESPECIAL COIDADO

Praza de Azcárraga, baixo o arboredo  
San Pedro de Mezonzo, zona de arboredo cara á Rolda de Nelle  
Zona de arboredo do Barrio das Flores  
Parque de Santa Margarida  
Zona de arboredo fronte á Estación de Autobuses na rúa Cabaleiros  
Campo da Leña  
Campo de Marte  
Praza de Monforte  
Campos e contorna vexetada da Torre de Hércules

## ALTERNATIVA / NORMAS

Praza de Azcárraga, no perímetro sen arboredo  
Situarse na zona contraria ás árbores, cara a Félix Estrada, ou baixar a altura de chama  
Baixar a altura de chama  
Só no anfiteatro. Evitar zonas con árbores.  
Enfronte, Marqués de Figueroa  
Só fóra do perímetro do arboredo ou situar o lume na Praza das Atochas  
Só fóra do perímetro do arboredo  
Protexer o pavimento e baixar a altura de chama  
Parque de Carlos Casares, contorna do cárcere

## Infraccións e sancións

- As infraccións das presentes normas darán lugar, no seu caso, á que se revogue inmediatamente a autorización obtida, sen prexuízo de que se tramite o procedemento sancionador que proceda conforme á normativa que resulte de aplicación en cada caso.
- Nos supostos previstos na lexislación vixente e sempre que existan razóns de seguridade que o aconsellen, o corpo da Policía Local poderá comisar ou retirar, como medida preventiva, todo tipo de materiais, instalacións ou bens mobles en xeral, logo de llelo requirir ás persoas interesadas cando iso for posible. Se o comisado fose perecedeiro, destruírase ou entregárase a centros benéficos.

**NORMAS COMPLEMENTARIAS:** A área de Seguridade Cidadá queda autorizada para ditar as instrucións complementarias que as circunstancias e o desenvolvemento dos festexos esixan.

**VIXENCIA:** O presente bando estará en vigor desde o día de se publicar no taboleiro de anuncios do concello até as 24.00 h do 1 de outubro de 2017.

Casa do concello da cidade da Coruña, 12 de xuño de 2017. O alcalde **Xulio Xosé Ferreiro Baamonde**.